



Curso 2011/12
número 39

Boletín de biblioteca

Contido

- Ano Internacional dos Bosques
- De novo Tintín
- A BN sopra 300 velas!
- Lewis Carrol e Alicia no día das BEs

Novos tempos

Editorial

O ser humano non deixa de cambiar, de evolucionar e en tempos de crise o enxeño agudízase, é cando aparecen os inventos, as innovacións en todos os ámbitos.

Que nos depara o futuro? Imma Ríos, a ilustradora do cartel das BEs de este ano, preséntanos unha visión da biblioteca de futuro... ou non tanto; seguimos reuníndonos na nosa biblioteca para compartir e atopar esa lectura que nos faga viaxar no tempo e espazo, un lugar onde solucionar as nosas dúbidas, ampliar coñecementos; **non** importa o formato, **si** o contido.

Esperamos as vosas suxestións porque a biblioteca a facemos todo!



Año Internacional dos Bosques

2011 é o Ano Internacional dos Bosques, unha ocasión importante para reivindicar entre os lectores o seu coidado e preservación.

É moito o que árbores e libros teñen en común: personaxes ilustres como **El barón rampante** de Calvino, criaturas máxicas como os habitantes del **O bosque animado** de Fernández Flórez.

Bosques e libros tamén comparten grandes inimigos, como o lume ou a inconsciencia. Y que mellor que un bo libro para reflexionar e observar a vida con máis lucidez...!

As follas dos libros poden osixenar as mentes enrarecidas, as súas letras esconden como sementes a orixe de novos pensamentos e a sombra das súas páxinas pode brindar un clima íntimo e acolledor. Só é cuestión de vincular lectores e obras no momento máis oportuno. A iso dedicámonos nas bibliotecas. Por iso, trazamos camiños forestais e etiquetamos novas variedades, pero tamén invitamos a deixarse levar e a

perderse na espesura. Non nos gustan os camiños asfaltados, preferimos os sendeiros cambiantes, as pegadas borrosas ou os lindes esvaecidos.e observar a vida con máis lucidez...!

Invitámosvos a pasear polos bosques da vosa imaxinación cas seguintes lecturas.



E si vos animades a plantar a vosa árbore, entrade e



Os de sempre:

Sabías que?

Premios e premiados

Novidades

Suxerencias

De novo Tintín



“Jamie Bell,
protagonista da nova
versión, xá o
coñecíamos da película
Billy Elliot”.

En 1981, Spielberg presenta a súa primeira película de Indiana Jones e ante as críticas en prensa que o comparan con Tintín, decide decatarse de quen é ese personaxe do que falan tanto. Finalmente fala con Hergé (o pai de Tintín) e este dille canto lle gustaría que fixese unha película sobre o famoso reporteiro.

Naquel momento Spielberg non dispoñía da tecnoloxía para levala a cabo. Tivemos que esperar 30 anos para que o director encontrase unha técnica chamada “motion capture”, ou “maquillaxe dixital” para achegarnos unha versión crible da obra.

Se vistes Avatar ou Polar Express sabedes de que estamos a falar. Así

que os amantes do reporteiro máis listo, bondadoso, honrado e tenro do mundo, verán ante os seus ollos uns debuxos en acción, como se unha fada lles tería tocado coa súa vara máxica dándolles volume e vida. Non se trata dunha película de debuxos animados ao uso, plana e como escanear do cómic; aquí os debuxos vólvense humanos, saen da páxina do conto para cobrar forma e vida. Todo é igual ao cómic: a ambientación, os escenarios...pero MOITO MELLOR porque agora viven.

Grazas señores Spielberg e Jackson por facernos volver á nosa infancia e soñar espertos cos nosos personaxes favoritos.

A Biblioteca Nacional sopra trescentas velas !



O 29 de decembro de 1711 Felipe V aproba a creación da Real Biblioteca Pública, que abriu as súas portas o 1 de marzo de 1712.

Por primeira vez, por expreso desexo do monarca, os libros e riquezas artísticas puxéronse a disposición xeral para converterse en instrumentos de renovación da cultura do noso país.

Sabías que?



A escalinata de entrada está flanqueada por estatuas de personaxes das letras hispánicas entre eles Afonso X o sabio, poñendo cara de non.




- O primeiro Borbón, Felipe V, ordena que se constitúa en dependencia do seu pazo unha biblioteca pública, con acceso permitido a calquera cortesán, escribán, estudante, clérigo ou xurista que desexase consultar os fondos que a Coroa tiña.
- Felipe V decretou a obriga de todos os impresores do reino a depositar un exemplar dos libros imprimidos en España, precedente do actual depósito legal.
- Xa no século XIX, en 1836, a Biblioteca deixou de ser propiedade real e tería como xestor o Ministerio da Gobernación; é neste ano cando toma o nome de Biblioteca Nacional.
- A Biblioteca ampliou os seus fondos no século XIX grazas aos procesos de desamortización que permitiron incautacións, algunhas compras ou donativos das chamadas “mans mortas”, as moi clases pasivas do clero, a Igrexa e as ordes relixiosas; destas fontes veñen a maioría dos documentos e libros máis antigos que posúe a Biblioteca.
- A actual sede comezou a construírse en 1862, antes tivera varias situacións, localizacións entornando ás dependencias reais ou “salóns de recreo”, como era o Casón del Buen Retiro, ata que na segunda metade do século XIX por mandato da raíña Isabel II se colocaría a primeira pedra dun edificio en pleno Paseo de Recoletos, concibido dende un principio como sede para a Biblioteca Nacional e así permanece. Sería en 1896 cando a biblioteca quedaría aberta ao público.

Algunhas novidades... o resto no Meiga






Lembramos un pasado conflitivo








Misterio



Viaxamos no tempo



Atallamos ou aprendemos da crise?



Premios LIJ: VII Premio Iberoamericano y Nacional

IES Fernando Esquío

Empedrón 16

TELÉFONO:

981391080

FAX:

981391280

E-MAIL

fesquío@gmail.com



Visítanos no
noso blog:

www.blogfesquío.blogspot.com



Por "o seu compromiso cos valores humanos universais e o seu papel determinante na construción dunha literatura infantil e xuvenil en lingua galega", o escritor español **Agustín Fernández Paz**, autor das novelas 'A cidade dos desexos', 'Cartas de inverno' e 'O único que queda é o amor', entre outros títulos, foi galardoado co **VII Premio Iberoamericano SM de Literatura Infantil e Xuvenil**.

Lembramos que un dos relatos desta última obra "O único que queda é o amor" incluíuse no libro **Best European Fiction 2012**. Non podía ser doutro xeito con este autor.

Maite Carranza, autora de "El clan de la loba" una de las obras de nuestro club de lectura, quería dar voz en su libro "**Palabras envenenadas**" a "los que no tienen voz", a los niños y jóvenes que han sido víctimas de los abusos sexuales y que están, por ello, "silenciados por la vergüenza, por el miedo, por su invisibilidad". "Palabras envenenadas" acaba de recibir el **Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil**, del Ministerio de Cultura, y en él su autora quería "indagar y explorar" un tema todavía considerado "tabú".



24 de Outubro: Lewis Carrol na nosa biblioteca

Como cada ano, na conmemoración das Bibliotecas escolares achegámonos a un autor especial, neste caso relemos "Alicia no país das marabillas", ou do subsolo, como se chamou nun principio, e aprendemos sobre Lewis Carroll e a súa obra.

Non só escribiu esta obra senón que tamén adicouse á fotografía e ás matemáticas, de feito se nos fixamos nesta obra polo miúdo non só atopamos as peripecias dun coello con moita présa e un gato que se fai invisible, senón que tamén asistimos a unha exposición crítica da sociedade e as súas tradicións ademais de teorías matemáticas e xogos de lóxica.

Nesta ocasión admiramos as distintas ilustracións que se fixeron da obra ao longo da historia, desde o propio Carrol, Tenniel ata Dalí.



Nome e grupo:

Suxerencias

Autor	Título	Formato